



CIRCULAR 101-2024.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS ABSOLUTO, SUB 23 E SUB 18.

- *A todas as delegacións da F.G.A.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 1 e 2 de xuño nas Pistas de Atletismo da USC (Santiago), os Campionatos Xunta de Galicia de Probas Combinadas Absoluto, Sub 23 e Sub 18.

Art.2).- Poderán participar, en cada campionato, as 12 mellores mulleres e os 12 mellores homes, con licenza na presente tempada pola FGA.

- Segundo acordo da Asemblea, só poden participar atletas que acrediten, dende o 1 de xaneiro de 2023, rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen e que, dentro de eses rexistros, se acredite marca nun mínimo de unha carreira, un salto e un lanzamento.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do xoves 23 de maio.

- Aqueles atletas que queiran realizar a inscrición por suma de puntos nas probas individuais, realizadas estas a partir do 1 de xaneiro de 2023, deberán, a maiores da inscrición na SDP, cubrir e remitir a direcciontecnica@atletismo.gal o documento "Sumatorio Combinadas" publicado na web ([pode acceder premendo aquí](#)).
- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2023 e 2024.

Art.4).- Prazos de comunicación de baixas.

- Rematará ás 20:00 horas do sábado 25 de maio e serán remitidas a direcciontecnica@atletismo.gal

Art.5).- Cadencias nos saltos verticais.

- Valoraranse as cadencias unha vez coñecida a participación final.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.7).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba.

Art.8).- Cámara de chamadas.

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas na primeira proba de cada xornada provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	5'
Valos	7'
Concursos	25'

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.9).- Horario

- Publicaranse unha vez pechado o prazo de inscrición.

Previsión	
Sábado	Mañá e tarde
Domingo	Mañá

Art.10).- Os tres primeiros atletas Absolutos, Sub 23 e Sub 18, masculinos e femininos, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, 16 de maio de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo